



Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia- Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

Que o día 15 de decembro de 2011 reunéuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e dentro de Punto VII da Orde do Día adoptou o seguinte acordo:

Por unanimidade dos asistentes presentes no intre da votación segundo consta na acta da mesma sesión, e vistas as delegacións de voto efectuadas, acordase a aprobación da proposta de modificación das condicións de outorgamento da autorización e prestación nos portos da actividade de subministro de combustibles con camions cisterna, co condicionado que se anexa a esta certificación.

O que se fai constar co visto e praxe do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a quince de decembro de dous mil once, dacordo coas artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Vº E PRACE

O PRESIDENTE,



José Juan Durán Hermida

O SECRETARIO,





ASUNTO: PROPOSTA DE REFORMA DO PREGO DE CONDICIÓNS XERAIS POLAS QUE REXIRANSE AS AUTORIZACIÓNS PARA REALIZA-LA ACTIVIDADE COMERCIAL PORTUARIA DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE A BUQUES MEDIANTE MEDIOS MÓBILES TERRESTRES EN PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DE DEPENDENTES DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA.

Dende xullo do 2005 Portos de Galicia conta cunha norma xeral para regula-la actividade comercial portuaria que se cita no ASUNTO, norma básica dada a importancia crecente desta clase de actividade nos nosos portos e instalacións.

Dita importancia crecente para a operatividade portuaria, e por tanto a necesidade de dotar ao seu instrumento de desenvolvemento de maiores mecanismos de control e seguridade esixidos tamén pola tipoloxía dunhas instalacións enormemente dispersas, determinan a necesidade de afrontar a presente reforma.

En liña co exposto, e con respecto á versión vixente aprobada en xullo do 2009, se procede en primeiro lugar a sistematizar e reordenar o contido das condicións xerais da mesma maneira que xa consta noutros pregos xerais reguladores de servizos e actividades comerciais, agrupando dito contido que mantense no substancial en títulos xerais que distinguen o obxecto, o contido e a forma de solicitar autorizacións, o seu outorgamento e o prazo, as taxas, as obrigas básicas e as condición de desenvolvemento así como as de extinción.

Se introducen tamen tres disposicións finais que da mesma maneira que noutros pregos de condicións xerais regulan a entrada en vigor, as condicións de modificación e as de aplicación a autorizacións vixentes na actualidade.

Se reforza e actualiza o contido da documentación que deben de aportar as empresas coas súas solicitudes fundamentalmente no que atinxe á documentación relativa a plans de emerxencia e de contingencias medioambientais esixida polo Real decreto 253/2004 que establece medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario, e igualmente se esixe aos operadores de servizo a acreditación do título de almacenamento e manipulación de mercadorias perigosas para operadores de peirao e terminal que expide a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Se modifica substancialmente na condición 7 o importe da garantía esixida que na versión vixente, cun importe de 9.000 euros, só cubría realmente as responsabilidades derivadas do impago de taxas pero resultaba manifestamente insuficiente para cubrir as posibles responsabilidades económicas no ámbito medioambiental e sancionador, pasando a ser en tódolos casos de 250.000 euros agás que circunstancias de risco intrínseco excepcional determinen en casos puntuais a esixencia da constitución de garantías complementarias.

As condicións relativas a taxas, seguros e obrigas e responsabilidades da empresa subministradora, ao marxe da súa reordenación e sistematización se manteñen sen variacións.

En liña co obxectivo de dotar ao presente instrumento de maiores mecanismos de seguridade e control, se introducen modificacións básicas no apartado relativo ao desenvolvemento da actividade, esixíndose novamente que cada operación puntual de servizo sexa solicitada previamente ás Xefaturas de Zona e acotando o horario de prestación, para o que se inclúe como anexo I un modelo normalizado de solicitude.



Esta forma de operar, polo demais usual en calquera das autoridades portuarias do noso entorno, revelouose na práctica particularmente necesaria nos portos autonómicos dadas as enormes dificultades de control motivadas pola dispersión e a inexistencia de control de accesos en moitas instalacións.

Finalmente os apartados relativos a extinción da autorización e sancións recollen no esencial a mesma regulación prevista na versión vixente do ano 2009 que xa reforzaba as causas de revogación e caducidade por incumprimento das condicións do título e en especial as relativas ao falseamento dos datos aportados dos subministrados, facéndose agora advertencias expresas sobre as consecuencias de reincidir neses incumprimentos.

Por todo o exposto, esta Dirección propoñe para a súa aprobación polo Consello de Administración do ente público ao abeiro das competencias que a ese Órgano confire o artigo 7.3.b) da Lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia, a modificación do prego de condicións xerais aplicable ás autorizacións para realiza-la actividade comercial portuaria de subministro de combustible a buques mediante medios móbiles terrestres en portos e instalacións portuarias de dependentes do ente público Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, a 7 de decembro do 2011.

O DIRECTOR:

José Ignacio Villar García.



SR. PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN.



PREGO DE CONDICIÓN XERAIS POLAS QUE REXIRANSE AS AUTORIZACIÓNS PARA REALIZA-LA ACTIVIDADE COMERCIAL PORTUARIA DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE A BUQUES MEDIANTE MEDIOS MÓBILES TERRESTRES EN PORTOS E INSTALACIÓN PORTUARIAS DEPENDENTES DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA.

1.- FUNDAMENTO LEGAL.

O presente Prego se aproba ao amparo da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e o seu Regulamento, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, do regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. do 12 de xuño de 1976 e da lexislación estatal portuaria aplicable na materia de aplicación supletoria en todo aquilo que non sexa incompatible coa lexislación autonómica, na actualidade o Real Decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, que aproba o Texto Refundido da lei de Portos do Estado e da Mariña mercante.

O contido das presentes condicións xerais e das particulares que se establezan é en todo caso complementario e non substitutivo de calquera normativa legal vixente en cada momento que afecte ao dominio público portuario e ás actividades que no mesmo se desenvolven.

2.- OBXECTO.

O presente prego será de aplicación ao exercicio da actividade comercial portuaria de subministro de combustible e/ou lubricantes a granel dende camiións cisterna ou recipientes a buques que operen na zona de servizo dos portos e instalacións portuarias xestionadas por Portos de Galicia en réxime de libre concurrencia, prohibíndose expresamente calquera outra clase de subministro.

3.- EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE COMBUSTIBLE E/OU LUBRICANTES A BUQUES.

Aos efectos do presente Prego considérase empresa subministradora de combustible e /ou lubricantes a granel, á persoa física ou xurídica, debidamente autorizada, que realiza a operación de subministro de combustible e/ou lubricantes a buques Mediante medios móbiles terrestres na zona de servizo dos portos e instalacións portuarias xestionadas por Portos de Galicia.

4.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN.

4.1.- Poderán ser titulares de autorizacións as persoas físicas ou xurídicas, españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, agás nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non esixa dito requisito, que tendo plena capacidade de obrar e contando coa habilitación empresarial e profesional esixible para a realización da actividade regulada neste prego, non estean incursas en causas de incompatibilidade ou de prohibición para contratar coa Administración.

4.2.- Os interesados deberán formula-la correspondente solicitude ante Portos de Galicia acompañada da seguinte documentación que aportarase orixinal ou mediante copia compulsada:



a) Acreditación da personalidade do solicitante ou, no seu caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

A personalidade dos solicitantes acreditarase:

1. Solicitante persoa física:

- DNI-NIF.

2. Solicitante persoa xurídica:

- Escritura de constitución, e, de se-lo caso, de modificación, inscritas no rexistrto mercantil cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fora, se presentará escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade.

- CIF.

- DNI da persoa asinante da solicitude xunto con poder de representación debidamente bastantado por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Tódolos solicitantes facilitarán domicilio, número de teléfono e FAX e enderezo dos medios electrónicos de comunicación de que dispoña.

b) Xustificantes que acrediten atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia e de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

As circunstancias mencionadas acreditaranse coa presentación de certificacións administrativas expedidas, respectivamente, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

c) Alta no epígrafe do imposto de actividades económicas correspondente á actividade de que se trata ou último recibo do imposto, debendo presentarse así mesmo unha declaración responsable de non ter causado baixa no dito imposto.

d) Resolución expedida pola Delegación respectiva da Consellería de Economía e Industria de Inscripción no rexistro de establecementos industriais de Galicia.

e) Declaración responsable conforme ao modelo que se inclúe como anexo II de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar recollidas no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

f) Memoria descriptiva da actividade a desenvolver que nesariamente deberá de indicar o prazo para o que se solicita a autorización, que non poderá exceder de SEIS (6) ANOS e o porto ou portos nos que se pretende desenvolver a actividade.

g) Información económico-financeira da actividade a desenvolver, con indicación expresa do volume anual de operacións que espera realizar e ingresos brutos derivados das mesmas.



h) Medios e organización humanos e materiais cos que va a contar. Dentro da descrición de medios incluíranse expresamente os datos de matrícula dos camiións ou cabezas tractoras e semirremolques que se empregarán para o subministro aportando os certificados ADR dos vehículos; consignaranse igualmente os datos de identificación dos condutores e outro persoal que eventualmente interveña nas operacións, aportando DNI, carnet de conducir ordinario, carnet de conducir mercadorías perigosas (Clase 3), e Acreditación do título de "Almacenamiento y manipulación de mercancías peligrosas para operadores de muelle y terminal" da Dirección Xeral da Marina Mercante.

Aportarase tamén o nome e DNI da persoa que asumirá a representación do solicitante en cada porto ou instalación e que efectuará as labores de relación ordinaria ante Portos de Galicia para canto se derive da realización da actividade, debendo acreditarse dita representación coa documentación de apoderamento suficiente.

Aportarase finalmente copia do título do Conselleiro ou Conselleiros de Seguridade designados pola empresa ante as autoridades de transportes.

i) Documento xustificativo de ter constituído a garantía especificada na condición 7.

j) Documentación xustificativa de ter concertado o seguro de responsabilidade civil a que fai referencia a condición 9.

k).- Acreditación de estar certificado nas norma ISO 9001 e 14001 ou similares.

l).- Descrición o mais detallada posible do sistema de prevención de riscos laborais da empresa.

m).- Plan de emerxencias aplicable ao desenvolvemento da súa actividade e de continxencias medioambientais que incluírá necesariamente unha memoria dos métodos e sistemas utilizados para levar a cabo a actividade con inclusión dunha proposta de medios de prevención e loita contra a contaminación, de sistema de resposta ante derrames, e de integración en Plans Interiores de Continxencias tal e como resulta do R.D. 253/2004, polo que se establecen medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario.

n).- Declaración expresa conforme ao modelo que se inclúe como anexo II, de coñecer e aceptar o condicionado do presente prego.

o).- Compromiso formalizado conforme ao modelo que se inclúe como anexo II, de notificar inmediatamente a Portos de Galicia, calquera modificación que afecte aos apartados anteriores e se produza con posterioridade á solicitude de autorización.

p) Calquera outro requisito que Portos de Galicia xulgue oportuno solicitar a algunha empresa en particular.



4.3.- As solicitudes poderán presentarse en calquera momento no Rexistro Xeral do ente público Portos de Galicia sito en Area central, Praza de Europa, 5-A, 6º, 15.707, Santiago de Compostela, e irán dirixidas ao Presidente de Portos de Galicia. Poderán tamén presentarse nos Rexistros correspondentes ás Zonas Norte (Lugo), Centro (Coruña) e Sur (Pontevedra) de Portos de Galicia, ou por calquera outros medios admitidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.- OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN.

As autorizacións serán outorgadas pola Presidencia de Portos de Galicia a proposta da Dirección e previo informe favorable das Xefaturas de Zona respectivas, sendo requisito imprescindible que o solicitante manifieste previamente a conformidade coas estipulacións contidas no presente Prego de Condicións Xerais e nas condicións particulares que, no seu caso, se establezan polos servizos técnicos competentes e que se integrarán igualmente como parte da autorización.

Os acordos tanto de autorización como de denegación deberán de ser motivados, reservándose en calquera caso Portos de Galicia a facultade discrecional de rexeitar as solicitudes que non se axusten ao presente prego de condicións, e igualmente, a de rexeitar ou modificar sensiblemente o seu contido, cando razóns estritas de explotación e planificación portuarias motiven o seu rexeitamento ou o seu outorgamento baixo condicións distintas das solicitadas.

O outorgamento desta autorización non exime ao seu titular de estar en posesión das licencias, permisos e autorizacións esixidas legalmente en cada momento para o desenvolvemento desta actividade.

A perda por calquera causa das pertinentes licencias, permisos e autorizacións, será causa de extinción da autorización.

6.- PRAZO DA AUTORIZACIÓN.

O prazo máximo de vixencia das autorizacións outorgadas conforme ao presente Prego sera de SEIS (6) ANOS prorrogables por periodos da mesma duración.

O cómputo deste prazo iniciárase o día seguinte ao da data de notificación da Resolución de outorgamento da autorización.

As eventuais prórrogas do prazo previsto nesta autorización que serán outorgadas por Portos de Galicia de maneira discrecional, quedarán suxeitas as mesmas condicións que a autorización inicial, sen prexuízo das modificacións que veñan impostas por disposicións legais ou por razóns de estricte explotación portuaria. O prazo inicial da autorización, unido ao da prórroga ou prórrogas que eventualmente se concedan, non poderá exceder de SEIS (6) ANOS.

7.- GARANTÍA.

7.1 A fin de garantir ante Portos de Galicia o cumprimento das obrigas derivadas das actividades reguladas neste prego, os solicitantes deberán constituír unha garantía en metálico, valores públicos ou privados, aval ou seguro de caución por un importe de 250.000 euros. Este importe será revisado cada seis anos de acordo coa variación experimentada nese período polo Índice Xeral de Prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC).



As garantías constituídas estarán a disposición do Presidente do ente público Portos de Galicia e depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda.

7.2.- A garantía depositada responderá de tódalas obrigas económicas derivadas desta autorización, incluídas as medioambientais, e igualmente das sancións administrativas que sexan consecuencia do desenvolvemento da actividade.

Extinguida a autorización para o desenvolvemento da actividade procederase á cancelación e devolución da garantía, unha vez realizado o pago das liquidacións pendentes, e sempre que non proceda unha incautación total por caducidade da autorización, ou total ou parcial por outros incumprimentos da empresa autorizada.

7.3.- Con carácter excepcional, e coa finalidade de garantir un servizo que eventualmente implique un risco intrínseco ou ocasione unha liquidación de importe superior ao previsto para a garantía depositada, o Presidente de Portos de Galicia poderá acordar a constitución dunha garantía complementaria á xa depositada. Finalizada a operación que motiva a constitución desta garantía complementaria, procederase da maneira establecida no apartado 7.2 desta condición.

7.4.- O incumprimento das obrigas económicas pola empresa autorizada, e as responsabilidades de calquera outra índole nas que puidera incurrir que permitan unha execución dineraria, habilitarán a execución ou disposición inmediata da garantía constituída.

7.5.- Cando por aplicación do disposto no parágrafo anterior, Portos de Galicia tivera que dispoñer da garantía, total ou parcialmente, a empresa autorizada virá obrigada a repoñe-la ou completa-la nun prazo dun mes contado dende o acto de disposición. O incumprimento desta obriga será causa de caducidade da autorización.

Durante o período que transcorra sen restituír ou completar a garantía fixada, Portos de Galicia, co obxecto de garanti-lo aboamento das taxas e tarifas polos servizos que se presenten no ámbito da súa competencia, poderá esixir o seu depósito previo.

7.6.- No caso de que se rexeite a autorización solicitada procederase á devolución da garantía.

8.- TAXAS E GASTOS.

8.1.- Taxa polo desenvolvemento da actividade:

O titular da autorización aboará por este concepto a taxa anual correspondente conforme ao Anexo 3, Taxas por servizos profesionais, Clave 99, Tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, taxa 03 – tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

A cota da taxa establecerase aplicando un tipo sobre o importe anual da cifra neta de negocios da actividade desenvolvida ao amparo da autorización que na actualidade é do 1 %.

Os periodos concretos de liquidación serán os especificados nas condicións particulares do autorización.

No valor da taxa non está incluído o IVE, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.



Independentemente de que o aboamento da taxa está garantido pola fianza, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 20 da lei 5/1994, de creación do ente público Portos de Galicia.

8.2.- Outros gastos.

Serán da conta do titular da autorización o aboamento dos impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que sexan de aplicación, e tódolos gastos que ocasione o desenvolvemento da actividade.

Calquera servizo portuario que o titular da autorización desexe recibir, deberá de ser solicitado de acordo coa normativa vixente e se lle será liquidado aplicando as taxas portuarias en vigor.

9.- SEGUROS

Para responder dos danos ou prexuízos ocasionados polas súas propias accións ou omisións, o titular da autorización estará obrigado a contratar cunha compañía de seguros unha póliza por danos a terceiros ou ás instalacións e de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 600.000 € por sinistro, debendo presentar coa solicitude de autorización o certificado acreditativo de ter contratado a póliza e a copia de atoparse ao corrente no aboamento da mesma.

10.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DA EMPRESA SUBMINISTRADORA.

10.1.- O titular da autorización xestionará a actividade de avituallamento de combustible o seu risco e ventura. Portos de Galicia en ningún caso será responsable das obrigas contraídas polo empresario nin dos danos e prexuízos causados por este a terceiros.

10.2.- O titular da autorización será responsable ante Portos de Galicia e ante terceiros de tódolos danos e prexuízos que se causen ás instalacións portuarias ou a terceiros, incluídos os que teñan a súa orixe nun caso fortuito, como consecuencia da actividade de avituallamento de combustible, agás que tales danos ou prexuízos foran debidos a ordes ou actuacións impostas por responsables do ente público.

Calquera sinistro ou perda que se ocasione ao titular da autorización non dará dereito a indemnización por parte de Portos de Galicia, agás que eses sinistros ou perdas foran debidos a ordes ou actuacións impostas por responsables do ente público.

10.3.- O titular da autorización queda obrigado a conserva-las instalacións e terreos de dominio público portuario sobre os que se realiza a prestación da actividade en perfecto estado de conservación, utilización, limpeza, hixiene e ornato, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas.

Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación deses terreos e instalacións, e sinala-las obras de reparación ou conservación que deban realizarse, quedando obrigado o titular da autorización a executalas ó seu cargo no prazo que se lle sinale.

Se o titular da autorización non realizara as obras de reparación ou conservación no prazo establecido por Portos de Galicia, este, poderá proceder, previo apercibimento, á execución subsidiaria das obras, sendo o importe dos gastos, así como o dos danos e prexuízos derivados do desenvolvemento da actividade incluíndo os que teñan a súa orixe nun caso fortuito, a cargo



do empresario, e todo isto sen prexuízo das sancións que lle puideran corresponder e da incoación, no seu caso, de expediente de caducidade da autorización.

10.4.- O titular da autorización deberá cumprir en todo momento as condicións relativas á explotación portuaria, utilización do dominio público portuario, protección do medioambiente, manipulación de mercadorías perigosas, prevención de riscos laborais e normas de seguridade establecidas na lexislación vixente que sexan de aplicación ás súas operacións no porto, así como as instrucións técnicas ou outros procedementos normativos relativos ao desenvolvemento das operacións que estableza Portos de Galicia ou outras Autoridades competentes.

As empresas autorizadas que darán tamén suxeitas ás prescricións resultantes do Convenio Internacional para prever a contaminación ocasionada por buques de 1973, modificado polo seu protocolo de 1978, na súa versión vixente (MARPOL 73/78), do Real Decreto 1381/2002, do 20 de decembro, relativo a instalacións portuarias de refugallo de residuos xerados por buques e residuos de carga, e, en consecuencia a tódolos instrumentos normativos, regulamentarios ou doutra índole que en aplicación desta normativa estableza o ente público Portos de Galicia.

Igualmente, naqueles portos afectados polo Código Internacional para a protección dos buques e instalacións portuarias (CÓDIGO PBIP) adoptado pola Conferencia Diplomática sobre Protección Marítima celebrada en Londres en decembro do 2002 e trasposto á normativa comunitaria polo regulamento CE nº 725/2004, observaranse igualmente as prescricións contidas nos respectivos plans de protección das instalacións portuarias, e as instrucións que en aplicación do mesmo sexan impartidas polos oficiais de protección de Portos de Galicia e demais autoridades competentes nesta materia.

10.5.- Todo o persoal necesario para o desenvolvemento das actividades obxecto da autorización será por conta e a cargo do titular, que deberá cumprir-las obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de Seguridade Social, e en especial, de acordo co disposto no Artigo 70 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, deberá formalizar coa Mutualidade Laboral correspondente a protección das continxencias de accidentes de traballo e de enfermidade do persoal ao seu servizo

11.- DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.

11.1.- Os usuarios que precisen avituallarse de combustible serán os que contacten directamente coa empresa subministradora, que pola súa parte, será a que deba formular a oportuna solicitude previa do servizo a Portos de Galicia.

Dita solicitude será presentada ante a Xefatura de Zona respectiva coa maior antelación posible e sempre antes de 24 horas ao inicio do subministro en días laborais, ou 48 horas no caso de festivos ou fins de semana cumprimentando para elo o modelo que se achega como anexo I ao presente Prego.

As solicitudes poderán ser enviadas por FAX ou por calquera outro medio electrónico, informático ou telemático sempre que quede garantida a súa autenticidade e exista constancia da súa recepción.

As Xefaturas de Zona comprobarán os datos recollidos na solicitude de servizo e en particular a súa concordancia coa relación de medios facilitados para obter a autorización, e poderán ser puntualmente rexeitados por razóns motivadas de seguridade ou explotación portuaria.



As Xefaturas de Zoan responderán por escrito, podendo ser vía FAX, a todas as solicitudes, aprobando ou denegando a prestación do servizo con anterioridade á prestación deste.

A reiteración probada da realización de subministros sen cumprimentar a solicitude previa que determine a comisión dunha infracción administrativa grave será causa de caducidade da autorización.

11.2.- Os vehículos e o equipo utilizado nas operacións de subministro deberán estar ao día en tódalas inspeccións regulamentarias, e estar equipados con tódolos elementos de seguridade esixidos na normativa vixente, sendo responsable o titular da autorización de contar para cada servizo cos medios necesarios para prever e combati-la contaminación tanto no peirao coma no mar por posible fuga no proceso de carga de combustibles.

11.3.- Os vehículos serán conducidos por persoal habilitado legalmente para o transporte e subministro deste tipo de mercadorías; en concreto só poderán acceder os vehículos expresamente autorizados portando o certificado ADR e a tarxeta de transporte; pola súa parte, os condutores dos vehículos e os operadores do servizo, igualmente autorizados, deberán de estar en posesión de carnet de conducir ordinario, do carnet de conducir mercadorías perigosas (Clase 3) e do certificado de operador de peirao e terminal. Se o conductor leva un acompañante, este deberá portar tamén o certificado de formación correspondente.

11.4.- Os buques disporán en todo momento mentras se realicen as operacións de avituallamento de combustible, da dotación suficiente para efectua-las manobras necesarias en caso de emerxencia, e contarán cos dispositivos e medios de seguridade esixidos pola lexislación vixente.

11.5.- O persoal de Portos de Galicia poderá esixir en calquera momento a documentación que considere oportuna para comprobar que a operación de subministro conta con solicitude previa e que se está a efectuar de acordo coas prescricións contidas neste Prego. Igualmente poderá solicitar en calquera momento tanto ao usuario receptor do subministro como á empresa subministradora, documentación que acredite que o subministro declarado foi o efectivamente realizado.

As falsedades comprobadas na realización de subministros que por reiteración determinen a comisión dunha infracción administrativa grave serán causa de caducidade da autorización.

11.6.- O persoal de Portos de Galicia responsable do porto ou portos nos que se esté a levar a cabo o subministro terá en todo momento dereito a efectuar as inspeccións e comprobacións que xulgue oportunas e a adoptar en consecuencia as medidas que sexan necesarias, mesmo dando a orde de cese da actividade ou de saída do porto de apreciar irregularidades.

11.7.- As operacións de avituallamento de combustible realizaranse exclusivamente nos puntos dos peiraos designados a tal efecto polas Xefaturas de Zona de Portos de Galicia, e prohibese realizar subministros, paradas ou manobras en calquera outra parte da área portuaria, debendo os camións de subministro utiliza-la zona portuaria e o itinerario previamente sinalado. Ditós puntos e os itinerarios concretos se recollerán como anexo ás condicións particulares de cada autorización.

Todos os servizos deberán ser prestados con anterioridade ás 16:30 horas. Aqueles que se presten con posterioridade serán comunicadas aos responsables aduaneiros para o seu control pola autoridade correspondente.



11.8.- A posesión da autorización non supón en modo algún dereito a reserva ou preferencia de utilización das instalacións portuarias a favor do titular da mesma, debendo sempre dito titular axustar o subministro ás circunstancias de operatividade e utilización do porto que se presenten en cada momento e ás ordes e instrucións que para tal efecto reciba do persoal de Portos de Galicia.

11.9.- Portos de Galicia resérvase o dereito a suspender temporalmente o subministro nun porto, a dispo-lo cambio de peirao ou a establecer en cada momento as condicións de subministro e manobras que considere necesarias para a mellor explotación do porto.

11.10.- Se na operación de avituallamento se producira algunha fuga, se declarara un incendio ou se producira calquera outra situación de emerxencia, se procederá á súa comunicación inmediata ao celador garda-peiraos ou ao responsable de Portos de Galicia que lle sexa indicado e á Capitanía Marítima competente, sendo de obrigada observancia as actuacións recollidas no Plan de Continxencias e no Plan de Emerxencia do porto. Todo canto queda exposto se entende sen prexuízo das actuacións ás que queda obrigado o titular da autorización en virtude do disposto no seu plan de emerxencias e de continxencias medioambientais.

12.- EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN.

12.1.- A presente autorización extinguirase polas seguintes causas:

- a) Vencimento do prazo de outorgamento.
- b) Revisión de oficio nos supostos establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- c) Renuncia do titular.
- d) Disolución ou extinción da sociedade titular da autorización agás nos supostos de fusión ou escisión.
- e) Revogación.
- f) Caducidade.
- g) Extinción ou perda das licencias, permisos ou autorizacións que sexan legalmente preceptivas para o desenvolvemento da actividade.

12.2.- As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente en calquera momento e sen dereito a indemnización cando resulten incompatibles con obras ou plans que, aprobados con posterioridade, entorpezan a explotación portuaria ou impidan a utilización do espacio demanial para actividades de maior interese portuario. Corresponderá a Portos de Galicia apreciar as circunstancias anteriores mediante resolución motivada, previa audiencia do titular da autorización.

12.3.- Serán causa de caducidade da autorización:

- a) O impago de dúas liquidacións consecutivas en concepto de taxa polo desenvolvemento da actividade.

Para iniciar o expediente de caducidade será dabondo que non se tivera efectuado o ingreso en periodo voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo si antes de dictar resolución se produce o aboamento do adebedado no procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ó respecto fixe Portos de Galicia.

- b) O falseamento probado dos datos sobre subministro aportados pola empresa como base para facturar a taxa para desenvolvemento da actividade.
- c) O Desenvolvemento da actividade en portos, peiraos ou áreas portuarias distintas das recollidas na autorización.



- d) O Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto da autorización.
- e) Cesión total ou parcial a un terceiro do obxecto da autorización.
- f) Non reposición ou complemento da garantía, previo requerimento de Portos de Galicia.
- g) A utilización probada de medios materiais e humanos distintos dos que se recollen na autorización agás que sexan comunicados e autorizados previamente por Portos de Galicia.
- h) Incumprimento doutras condicións que prevean expresamente a súa inobservancia como causa de caducidade da autorización.

Serán igualmente causa de caducidade as resolucións sancionadoras firmes pola comisión de infracción grave ou moi grave segundo o establecido na lexislación vixente.

12.4 Para declara-la caducidade, seguirase o seguinte procedemento, debendo notificarse a resolución expresa do mesmo no prazo de seis meses dende o acordo de incoación:

a) Constatada a existencia dalgún dos supostos referidos, pola unidade instructora correspondente de Portos de Galicia incoarase o correspondente expediente de caducidade, podéndose adoptar polo órgano competente para resolver ou polo propio instructor en caso de urxencia, as medidas de carácter provisional que estime convenientes, o que porase en coñecemento do titular, que terá un prazo de 10 días para formular alegacións e acompañalos documentos e xustificacións que estime oportunos.

As medidas de carácter provisional poderán consistir na paralización e suspensión da actividade, na prestación de garantías e en calquera outras que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer. Para lograr a efectividade de tales medidas Portos de Galicia interesará da Autoridade Gubernativa competente, cando sexa necesario, a colaboración da Forza Pública.

b) Formulada-las alegacións ou transcorrido o prazo para leva-las a cabo, a unidade instructora dictará proposta de resolución e finalmente corresponderá á Presidencia de Portos de Galicia dictar a resolución finalizadora do procedemento.

c) A declaración de caducidade comportará a perda das garantías constituídas, non procedendo en ningún caso a rehabilitación da autorización.

12.5.- Extinguida a autorización, Portos de Galicia non asumirá ningún tipo de obriga laboral ou económica do titular da autorización.

13.- SANCIONES.

13.1.- O incumprimento das condicións da presente autorización, sen prexuízo da súa caducidade, será constitutivo de infracción e será sancionado de conformidade coa lexislación aplicable na materia.

Para estes efectos, cómpre suliñar que a reincidencia pola comisión de infraccións administrativas leves antes do transcurso do prazo de prescrición derivará na comisión dunha infracción administrativa grave e polo tanto na caducidade da autorización.

13.2.- O titular da autorización será sempre sancionado pola comisión das infraccións que se establecen na lexislación portuaria estatal de aplicación supletoria previa instrución do oportuno expediente administrativo na forma establecida na lexislación reguladora do procedemento administrativo.



DISPOSICIÓN FINAIS

1ª.- Con arranxo aos principios de obxectividade e proporcionalidade, e en calquera caso sempre que veña imposto por normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá modifica-las condicións impostas aos titulares desta autorización previa audiencia dos interesados cando se modifiquen as condicións do presente prego regulador. A modificación establecerá un prazo para que os titulares se adapten ao nela disposto. Transcorrido dito prazo sen que teña lugar a adaptación, as autorizacións quedarán sen efecto.

2ª.- Portos de Galicia procederá de oficio a remitir a todas aquelas empresas que na data de aprobación do presente prego estean a desenvolver a actividade comercial portuaria de subministro de combustible a buques mediante móbiles terrestres, e que teñan a intención de continuar con esta actividade, un exemplar do mesmo co mandato expreso de que procedan a remitir, nun prazo máximo de dous meses, unha solicitude formal acompañada da documentación preceptiva.

Se non se cumprira este requisito no prazo sinalado, Portos de Galicia poderá prohibir o desenvolvemento de actividade ata a regularización da mesma.

3ª.- Este prego de condicións será de aplicación dende o día seguinte ao da publicación do Acordo de aprobación polo Consello de Administración de Portos de Galicia no Diario Oficial de Galicia.

CONDICIÓN PARTICULARES.



ANEXO I.

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE E/OU LUBRICANTE A GRANEL A BUQUES MEDIANTE MEDIOS MÓVILES TERRESTRES.

Data da solicitude: _____.

Empresa subministradora: _____.

Buque: _____ Carga principal: _____

Propietario/Consignatario: _____.

Porto/Peirao: _____.

Data e hora prevista para o subministro: _____.

Tipo de vehículo e matrícula: _____.

Conductor: _____ DNI: _____.

Teléfono: _____ FAX: _____ Correo electrónico: _____.

HIDROCARBURO A SUBMINISTRAR:

Nome técnico e descrición: _____.

Tonelaxe: _____ Granel : _____.

Sinatura/selo/D.N.I.

A CUMPRIMENTAR POLA XEFATURA DE ZONA.

Esta autorización non exime das autorizacións doutras autoridades competentes.

En _____, a _____

O XEFE DE ZONA.



ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña....., con DNI núm., con domicilio en....., no seu propio nome dereito ou en representación da mercantil

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que ten plena capacidade de obrar e que non se atopa comprendido/a en ningunha das causas de prohibición para contratar, enumeradas no artigo 60 do Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades de membros da Xunta e altos cargos da Administración Autonómica, a Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

Que coñece e acepta na súa integridade o Prego de condicións xerais aplicable ás autorizacións para desenvolver a actividade comercial portuaria de subministro de combustible a buques mediante medios móbiles terrestres en portos e instalacións portuarias xestionadas polo ente público Portos de Galicia.

Que se compromete a modificar de maneira inmediata a Portos de Galicia calquera modificación que afecte á documentación esixida na condición xeral 4ª e que se produza con posterioridade á solicitude de autorización.

E, para que conste e para os efectos oportunos asina a presente declaración en, adede 20.....

(Selo e sinatura do solicitante)

SR. PRESIDENTE DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA.